

IES DE ARZÚA

PLAN DE ORIENTACIÓN ACADÉMICO E PROFESIONAL

**IES DE ARZÚA – ARZÚA
A CORUÑA**

Aprobado polo Claustro e Consello Escolar o 22-06-2020



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL



UNIÓN EUROPEA
"O FSE inviste
no teu futuro"



I.E.S. de Arzúa

Rúa do Castro s/n
Arzúa 15810 – A Coruña
Tel.: 881 866 047
Fax: 881 866 055
Correo electrónico: ies.arzua@edu.xunta.es
<http://www.edu.xunta.gal/centros/iesarzua/>

ÍNDICE.

1. Introducción	3
2. Xustificación baseada no contexto	4
2.1 Marco legal	4
2.2 Descrición do IES de Arzúa e as súas necesidades	5
2.2.1 ESO	5
2.2.2 Formación Profesional Básica	5
2.2.3 Bacharelato.....	6
2.2.4 Ciclos Formativos	6
3. Obxectivos do Plan de Orientación Académico e Profesional (POAP)..	6
4. Actividades.....	7
4.1 Actividades encamiñadas a favorecer o autocoñecemento	7
4.2 Actividades encamiñadas a favorecer coñecemento sistema educativo.	7
4.3 Actividades encamiñadas a favorecer coñecemento mercado laboral ...	8
4.4 Actividades encamiñadas a favorecer a inserción social	8
4.5 Actividades relacionadas coa toma de decisións	9
5. Temporalización.....	9
6. Estratexia de intervención	9
7. Criterios de avaliación.....	9
7.1 Procedencia dos datos	10
7.2 Instrumentos para a recollida de datos.....	10
7.3 Indicadores.....	10



1.Introdución

O Plan de Orientación Académico e Profesional (POAP) é a parte do Proxecto Curricular na que se especifican as actuacións que se levan a cabo no centro para facilitar a toma de decisións de cada alumno/a ao longo da súa escolaridade respecto do seu futuro académico e profesional elixindo entre distintos camiños e alternativas de maneira autónoma e responsable.

Trátase dun plan marco onde se contemplan os distintos programas e as liñas de actuacións prioritarias para cada etapa. A orientación vocacional non ten a finalidade de dirixir ao alumnado cara a uns camiños ou outros senón que ten un carácter marcadamente educativo: trátase de potenciar o desenvolvemento de capacidades para que sexa o propio alumno/a o que tome as súas decisións de maneira autónoma e responsable.

As actuacións propostas irán encamiñadas, a facilitar a elección dos itinerarios académicos para continuar no sistema educativo pero tamén para facilitar a inserción laboral e profesional daquelas persoas que dan por finalizada a súa formación.

Polo que incluírán:

- Actuacións dirixidas a desenvolver as capacidades implicadas no proceso de toma de decisións.
- Actuacións destinadas a facilitar información sobre ás distintas opcións educativas ou laborais relacionadas con cada unha das etapas.
- Actuacións que propicien o contacto do alumnado co mundo do traballo e poidan facilitar a súa inserción laboral.

A orientación académico-profesional adquirirá unha especial relevancia en momentos en que o alumnado deba elixir entre varias alternativas: o tipo de matemáticas a estudar en 3º ESO; o itinerario educativo no 2º ciclo da ESO; a elección das diferentes opcións despois da ESO; a modalidade en Bacharelato; a escolla do camiño a seguir ao remate da FP Básica e dos Ciclos Formativos, tanto Medio como Superior.

O Departamento de Orientación será o principal coordinador e responsable da posta en práctica do POAP. Non obstante, para conseguir este propósito, é preciso contar coa participación do equipo docente e en especial dos titores, así como coa colaboración do profesorado de Formación e Orientación Laboral (FOL) e os titores da Formación en Centros de Traballo (FCT), que teñen relación coas empresas.



2.Xustificación baseada no contexto

2.1 Marco legal.

- Decreto 324/1996, do 26 de xullo: regulamento orgánico dos institutos de educación secundaria (DOG 09/08/96).
- D. 120/1998, do 23 de abril, polo que se regula a orientación educativa na Comunidade Autónoma de Galicia.
- O. do 24 de xullo de 1998, pola que se establece a organización e funcionamento da orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia regulada polo D. 120/1998 (DOG 31/07/98)
- Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación (BOE 4/5/2006). A LOE (Lei /2006 orgánica de educación) sinala no seu artigo 1 como un dos principios da educación:

“A orientación educativa e profesional dos estudantes, como medio necesario para o logro dunha formación personalizada, que propicie unha educación integral en coñecementos, destrezas e valores.

Asemade, sinala como funcións do profesorado (capítulo 1):

d) A orientación educativa, académica e profesional dos alumnos, en colaboración, de ser o caso, cos servizos ou departamentos especializados”.

- Decreto 114/2010, do 1 de xullo, polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo de Galicia. (DOG 12/07/10).
- ORDE do 12 de xullo de 2011 pola que se regulan o desenvolvemento, a avaliación e a acreditación académica do alumnado das ensinanzas de formación profesional inicial. (DOG 15/07/11).
- Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa (BOE 10/12/13).
- Decreto 107/2014, do 4 de setembro, polo que se regulan aspectos específicos da Formación Profesional Básica das ensinanzas de formación profesional do sistema educativo en Galicia e se establecen vinte e un currículos de títulos profesionais básicos (DOG 15/09/14).
- Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na CCAA de Galicia. (DOG 29/06/15).
- Orde 13 de xullo de 2015 pola que se regulan as ensinanzas de FP Básica na CCAA de Galicia (DOG 22/07/15).



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL



UNIÓN EUROPEA
"O FSE inviste
no teu futuro"



I.E.S. de Arzúa

Rúa do Castro s/n
Arzúa 15810 – A Coruña
Tel.: 881 866 047
Fax: 881 866 055
Correo electrónico: ies.arzua@edu.xunta.es
<http://www.edu.xunta.gal/centros/iesarzua/>

2.2 Descrición do IES de Arzúa e as súas necesidades

O IES de Arzúa atópase no Concello do mesmo nome, nunha contorna rural, cunha poboación escolar pertencente na súa maioría a familias adicadas ao sector agrario (explotacións gandeiras e agrarias extensivas), á hostalería e o pequeno comercio. O alumnado na súa maioría provén do CEIP de Arzúa. Neste instituto impártense as etapas educativas de ESO, Bacharelato e Formación Profesional. En consecuencia, a orientación académico profesional abrangue un rango moi amplo de idades, intereses dos usuarios, opcións académicas e incluso o proceso de inserción laboral.

De seguido, describimos brevemente as peculiaridades de cada etapa educativa impartida no centro:

2.2.1 ESO

Nos dous últimos cursos da ESO é necesario orientar ao alumnado cara as decisións que deben tomar: elección de optativas/itinerarios no caso de rapaces e rapazas de 3º de ESO e elección de estudos post-obrigatorios ou outras alternativas formativas no caso de alumnado de 4º de ESO.

Non obstante, é preciso sinalar que a orientación vocacional se concibe como un proceso de toma de decisións persoal para o cal o alumno/a debe adquirir capacidades relativas ao coñecemento de si mesmo, das opcións existentes e do proceso de toma de decisións. Todos estes aspectos pódense traballar, en maior ou menor medida, ao longo de toda a etapa. Sinalar tamén que en 2º de ESO se detecta unha porcentaxe importante de alumnado repetidor, desmotivado e que non quere continuar cos estudos.

A orientación académico profesional debe ter en conta este factor e ofrecer alternativas formativas a este alumnado, ben sexan os programas de reforzo, ou algún ciclo de FP Básica.

2.2.2 Formación Profesional Básica

Os grupos de FP Básica de Agroxardinería e Composicións Florais están constituídos por rapaces e rapazas da zona cunha traxectoria de fracaso escolar; dificultades de aprendizaxe importantes e/ou de tradición absentista na ESO. A conformación do propio grupo ten como obxectivo facilitar a reinserción do alumnado no sistema educativo combinando unha formación básica cunha formación profesional inicial.

Este colectivo debe ser subsidiario de accións orientadoras específicas encamiñadas ao fortalecemento da autoestima e á continuación de estudos ou ben á inserción laboral ou incluso á busca de outras alternativas formativas si o progreso no grupo non é o axeitado.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL



UNIÓN EUROPEA
"O FSE inviste
no teu futuro"



I.E.S. de Arzúa

Rúa do Castro s/n
Arzúa 15810 – A Coruña
Tel.: 881 866 047
Fax: 881 866 055
Correo electrónico: ies.arzua@edu.xunta.es
<http://www.edu.xunta.gal/centros/iesarzua/>

2.2.3 Bacharelato

A maioría do alumnado que comeza o 1º curso pasa a 2º, e hai unha porcentaxe pequena de rapaces/zas que inician o bacharelato e despois abandonan estes estudos. Sendo conscientes deste suceso a orientación debe ter en conta modalidades formativas alternativas para este colectivo.

Finalmente, sinalar que, debido á distinta temporalización do curso de 2º de bacharelato por mor do calendario das ABAU, se tentará incidir nas actividades de orientación no 1º curso.

2.2.4 Ciclos Formativos

No instituto impártense tres ciclos un medio e dous superiores. Un ciclo medio de: Aproveitamento e Conservación do Medio Natural; e os ciclos superiores de: Xestión Forestal e do Medio Natural e Administración e Finanzas.

A labor orientadora neste caso centrarase no acceso a outros estudos (FP de grado superior, estudos universitarios, outros ciclos formativos...) e tamén nos procesos de inserción profesional.

3. Obxectivos do Plan de Orientación Académico e Profesional (POAP)

- Axudar ao alumnado a adquirir un maior coñecemento sobre si mesmo, a estrutura do sistema educativo e o entorno socio laboral e profesional.
- Proporcionar información sobre os itinerarios académico profesionais que lle ofrecen ao alumnado ao rematar o curso ou etapa.
- Facilitar ao alumnado coñecementos e experiencias directas co mundo laboral.
- Facilitar ao alumnado a análise das vantaxes e inconvenientes das distintas opcións educativas e profesionais examinando aquelas que mellor se axusten ás propias posibilidades e preferencias.
- Contribuír a que o alumnado organice adecuadamente as informacións e experiencias adquiridas para prantexarse un itinerario persoal.



4. Actividades

Para tentar a consecución dos obxectivos previstos realízase a seguinte proposta de actividades que deberá concretarse en cada curso académico.

4.1. Actividades encamiñadas a favorecer o autocoñecemento.

- ❖ Cuestionarios de exploración inicial.
- ❖ Cuestionarios de intereses profesionais.
- ❖ Xogos grupais que favorezan o autocoñecemento.
- ❖ Estudo da traxectoria escolar.

4.2. Actividades encamiñadas a favorecer o coñecemento do sistema educativo.

- Organigrama do sistema educativo
- Coñecer portais de orientación, centros educativos, universidades, etc para a súa consulta on line.
- Visitas a feiras de formación, centros educativos de FP, campus universitarios, etc.
- Estudo da oferta educativa do centro: itinerarios, optativas.
- Información das diferentes probas de acceso a ciclos de formación profesional de grado medio e grado superior.
- Mesa redonda con exalumnos.
- Investigación sobre carreiras e profesións.
- Utilización de programas informáticos de orientación.
- Entrevistas individuais co alumnado e/ou familias para coñecer as súas expectativas e asesorar sobre posibilidades de futuro.
- Coñecemento dos contidos/estrutura das ABAU das probas de acceso a ciclos formativos.
- Coñecer os criterios de avaliación e promoción de curso e de etapa.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL



UNIÓN EUROPEA
"O FSE inviste
no teu futuro"



I.E.S. de Arzúa

Rúa do Castro s/n
Arzúa 15810 – A Coruña
Tel.: 881 866 047
Fax: 881 866 055
Correo electrónico: ies.arzua@edu.xunta.es
<http://www.edu.xunta.gal/centros/iesarzua/>

- Coñecer os criterios de validación de módulos profesionais.
- Charla informativa para pais/nais sobre oferta formativa do centro e opcións ao rematar as distintas etapas.
- Consulta de revistas e publicacións sobre estudos e profesións.
- Revisión de modelos de impresos de preinscripción en ciclos, estudos universitarios, becas, etc para familiarizarse con eles.
- Charlas informativas das universidades ou outros estudos superiores.
- Elaboración de un dossier informativo que sirva como apoio a titores e alumnos.

4.3. Actividades encamiñadas a favorecer o coñecemento do mercado laboral.

- ✓ Observación de profesións e postos de traballo.
- ✓ Estudos sobre a actividade económica.
- ✓ Recollida, análise e comentario de novas de prensa relacionadas coa actividade económica.
- ✓ Confección de monografías profesionais.
- ✓ Entrevistas e contactos con traballadores e profesionais.
- ✓ Visitas a centros productivos e empresas.
- ✓ Vídeos de información profesional.

4.4. Actividades encamiñadas a favorecer a inserción laboral.

- Investigación sobre organismos relacionados coa oferta de emprego
- Elaboración de documentos relacionados coa busca de emprego: curriculum vitae, cartas de presentación, instancias...
- Formación/simulación de entrevistas de selección de persoal .
- Busca de emprego a través de internet.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL



UNIÓN EUROPEA
"O FSE inviste
no teu futuro"



I.E.S. de Arzúa

Rúa do Castro s/n
Arzúa 15810 – A Coruña
Tel.: 881 866 047
Fax: 881 866 055
Correo electrónico: ies.arzua@edu.xunta.es
<http://www.edu.xunta.gal/centros/iesarzua/>

- Información básica en materia de autoemprego.
- Elaboración de itinerarios formativos e profesionais propios.
- Elaboración de un dossier informativo sobre acceso ao mercado de traballo.

4.5. Actividades relacionadas coa toma de decisións.

- Actividades de obtención e análise da información.
- Estratexias de resolución de problemas.
- Simulación de itinerarios formativos.

5. Temporalización

O Programa de actividades de Información e Orientación Académico Profesional vai ser desenvolvido polo Departamento de Orientación, en colaboración cos titores, de 3º ESO, 4º ESO, 1º Bacharelato, Formación Profesional Básica e Ciclos Formativos.

6. Estratexia de intervención

O modelo de intervención que se vai facer dende o Departamento de Orientación (D.O) vai ser por programa, pero dada a experiencia doutros anos, vai haber unha demanda importante de intervención por servizos e consulta, tanto por parte do profesorado solicitando asesoramento sobre a intervención con determinados alumnos/as, como unha demanda de servizos tanto por parte dos pais/nais como dos alumnos/as, referida a calquera tipo de asesoramento ou intervención en orientación profesional.

7. Criterios de avaliación

Para a avaliación do Plan de Orientación Académico e Profesional (POAP), empregaremos toda a información e experiencias aportadas polos membros do Departamento de Orientación, profesores/as, pais/nais e alumnos/as. A avaliación será principalmente interna, levada a cabo polos propios membros do Departamento de Orientación. Terá un carácter permanente.

O principal criterio de avaliación, será valorar a adecuación do POAP ás necesidades dos destinatarios, avaliando: obxectivos, actividades, temporalización das mesmas, recursos empregados, etc.



7.1 Procedencia dos datos

Para a avaliación do POAP vamos a utiliza-los datos suministrados por:

- As persoas implicadas no seu deseño e desenvolvemento: membros do Departamento, titores/as e profesores/as
- Os destinatarios: alumnos/as, profesores/as, pais/nais

7.2 Instrumentos para a recollida de datos

- Cuestionarios
- Enquisas
- Intercambios orais

7.3 Indicadores

- Adecuación do POAP ás necesidades reais dos destinatarios
- Nivel de acordos suxeridos e grao de consenso acadado
- Nivel e grao de acollida das actividades planificadas polo Departamento de Orientación.
- Nivel de colaboración rexistrada en pais/nais, profesores/as e alumnos/as
- Adecuación das actividades ás necesidades dos grupos e grao de desenvolvemento das mesmas
- Adecuación dos obxectivos, contidos e actividades do POAP ás esixencias reais dos alumnos/as
- Valoración das dificultades que atopen para desenvolver o POAP
- Grao de coordinación acadado cos profesores/as tanto no desenvolvemento do POAP coma na avaliación dos alumnos/as